MÉTODOS. A lectura dun mapa histórico

O mapa histórico utilízase para comprende-la distribución espacial dos fenómenos históricos: límites fronteirizos, desenvolvementos bélicos, extensión dun fenómeno social ou cultural, etc.

O mapa histórico necesita, xa que logo, coñecementos históricos e xeográficos. A lectura dun mapa baséase nos principios de análise xeográfica, aínda que a interpretación depende do contexto histórico. É conveniente coñece-la distribución actual do espacio para poder comparar.

1. A identificación do mapa

- Le-lo título do mapa.
- Identifica-los elementos xeográficos representados.
- Ler, recoñecer e comprende-los nomes escritos no mapa.
- Recoñecer e comprender tódolos elementos representados: a escala e a lenda (puntos, liñas, frechas, cores, tramas, etc.).

2. A lectura

- A lectura do mapa implica coñece-la situación histórica que trata. Por iso, un mapa tamén é unha boa ferramenta de repaso e de reactivación dos coñecementos.
- A lectura implica describir:
  - O conxunto espacial representado: continente, país, rexión, provincia, etc.
  - A importancia de cada unidade espacial representada dentro do conxunto e os seus contrastes.
  - As relacións entre as unidades espaciais a través dos nomes, datas e símbolos.

3. A explicación

Para explicar un mapa é necesario reactiva-los coñecementos sobre o tema e consultar material complementario como enciclopedias, libros de texto, outros mapas, etc. Despois, deben seguirse estes tres pasos:

- **Presentar unha idea básica.**
- **Desenvolve-las ideas principais**, que deben te-la súa correlación na representación gráfica do mapa.
- **Amplia-la información** que ofrece o mapa con axuda do contexto histórico: causas, consecuencias, particularidades de cada elemento, etc.

4. A conclusión

É unha síntese da idea principal e os resultados do comentario. Isto debe dar pé a unha pequena valoración final que explique a importancia do fenómeno analizado.

APLICACIÓN: Europa despois do Congreso de Viena, 1815

O mapa amosa a situación territorial de Europa tralo Congreso de Viena en 1815. Unha primeira lectura amosa a configuración dos reinos e os imperios europeos despois da derrota definitiva de Napoleón.

- **Austria** recibiu o norte de Lombardía, o Véneto, Dalmacia e unha parte de Polonia.
- **Prusia** anexionouse outra parte de Polonia, Renania e unha parte de Saxonia.
- **Rusia** incorporou Finlandia, dous tercios de Polonia e Besarabia.

Outros cambios destacados foron:

- Arredor de Francia creáronse o reino dos **Países Baixos** con **Luxemburgo** e o episcopado de Liexa; a **Confederación Helvética** conseguiu a independencia.
- Creouse a **Confederación Xermánica**, que presidiu Austria e que estivo formada por trinta e nove Estados.
- **Italia** dividiuse en sete Estados: Piemonte-Sardeña, Lombardía-Véneto (que pasaron a Austria), Estados da Igrexa, Toscana, Módena, Parma e reino das Dúas Sicilias.



- O **imperio otomano** mantivo o seu dominio en toda a península Balcánica agás en Dalmacia.

Esta división territorial foi a base das loitas nacionalistas que se desenvolveron durante o século XIX, xa que o restablecemento dos dereitos lexítimos das monarquías tradicionais chocou co concepto de Estado nacional que xurdiu despois da revolución francesa.